









# Presentación

A esquizofrenia é un trastorno mental grave, crónico e que xera unha gran carga familiar e social. A prevalencia na poboación adulta é 1 de cada 100 persoas e a súa idade de inicio rolda a fin da segunda e a terceira décadas da vida.

Trátase dunha enfermidade que precisa dunha asistencia complexa que inclúe aspectos farmacolóxicos, psicolóxicos, sociais e laborais que implican a diferentes dispositivos (unidades de saúde mental, centros de rehabilitación, unidades de agudos, hospitais de día...). Isto acentúa enormemente a necesidade de unificar criterios á hora de prestarlle asistencia, polo risco xa non só da variabilidade entre diferentes áreas sanitarias senón da variabilidade de criterios en cada un dos dispositivos dunha mesma área.

Esta pequena guía é unha primeira resposta a estas necesidades e ás citadas na introdución. Ten unha orientación esencialmente terapéutica e evolutiva, revísanse as opcións tanto farmacolóxicas, psicolóxicas como rehabilitadoras e diferéncianse as mellores intervencións dispoñibles en cada unha das fases da enfermidade: inicio do trastorno, prevención das recaídas, recorrencia e rehabilitación. Así mesmo, ofrécense informacións sobre situacións especiais coma embarazo, idade avanzada, infancia, risco de suicidio, abuso de substancias... Outro dos aspectos que se considera é o papel de cada un dos niveis asistenciais dentro do sistema público sanitario galego.



<b>1</b>	<b>Introdución</b> .....	<b>9</b>
1.1.	Introdución .....	11
1.2.	Obxectivo .....	12
1.3.	Método .....	12
1.4.	Sobre a esquizofrenia .....	12
<b>2</b>	<b>Principios xerais do tratamento da esquizofrenia</b> .....	<b>17</b>
<b>3</b>	<b>Tratamentos biolóxicos</b> .....	<b>23</b>
3.1.	Introdución .....	25
3.2.	Inicio do tratamento. Fase aguda .....	26
3.3.	Tras episodio agudo .....	32
3.4.	Fase de mantemento .....	34
3.4.1.	Tratamento de mantemento .....	34
3.4.2.	Prevenición de recaídas: antipsicóticos orais (NICE 2002a) .....	36
3.4.3.	Prevenición de recaídas: antipsicóticos depot (NICE 2002a) .....	37
3.5.	Esquizofrenia resistente ao tratamento (ERT) (NICE 2002 a e b) .....	38
3.6.	Tranquilización rápida .....	39
3.7.	Terapia electroconvulsiva (APA 2001 e NICE 2003) .....	41
3.8.	Bibliografía .....	44
3.8.1.	Bibliografía complementaria .....	46
<b>4</b>	<b>Psicoterapia</b> .....	<b>49</b>
4.1.	Introdución .....	51

4.2.	Psicoterapia psicodinámica	53
4.3.	Terapia cognitivo-conductual	53
4.4.	Psicoterapia grupal	54
4.5.	Intervención familiar	56
4.6.	Referencias	58

## 5 Terapia de mantemento .....59

5.1.	Prevención de recaídas	61
5.1.1.	Intervencions psicológicas	61
5.1.1.1.	Psicoeducación	61
5.1.1.2.	Terapia familiar	61
5.1.2.	Tratamento farmacológico de mantemento	62
5.2.	Rehabilitación	62
5.2.1.	Síntomas positivos persistentes	62
5.2.1.1.	Terapia cognitivo-conductual	62
5.2.1.2.	Protocolo farmacológico de esquizofrenia resistente	62
5.2.2.	Síntomas negativos persistentes	62
5.2.2.1.	Adestramento en habilidades sociais	62
5.2.2.2.	Rehabilitación laboral	64
5.3.	Os niveis de asistencia na fase estable	65
5.3.1.	Atención primaria	65
5.3.2.	Unidades de Saúde Mental	66
5.3.3.	Outros dispositivos	66
5.3.3.1.	Equipos de tratamento asertivo na comunidade (TAC)	66
5.3.3.2.	Outros dispositivos	69
5.3.4.	Bibliografía	70

<b>6</b>	<b>Situacións especiais</b>	<b>73</b>
6.1.	Esquizofrenia na nenez e na adolescencia	75
6.2.	Trastornos relacionados co consumo de substancias	79
6.3.	Esquizofrenia e suicidio	80
6.4.	Persoas sen fogar	80
6.5.	Pacientes embarazadas	81
6.6.	Persoas con atraso mental	82
6.7.	Pacientes anciáns	82
6.8.	Bibliografía	84
<b>7</b>	<b>Actualización da guía sobre esquizofrenia</b>	<b>87</b>
1.	Introdución	89
2.	Metodoloxía	89
3.	Evidencia dispoñible	90
a).	Antipsicóticos de primeira xeración fronte a antipsicóticos de segunda xeración	90
b).	Comparacións entre antipsicóticos de segunda xeración	91
c).	Cambio de antipsicótico	92
d).	Clozapina	93
e).	Tratamiento psicosocial	94
4.	Resumo da evidencia	94
5.	Recomendacións	95
6.	Recomendacións para investigación e futuras guías	96
7.	Bibliografía	97
	Versión en castelán	101

Agradécense as achegas da Asociación Galega de Saúde Mental, da Asociación Galega de Psiquiatría e da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías. Estas achegas tiveron en conta e incorporáronse ás conclusións derradeiras.





Introducción

1



## 1.1. Introdución.

Os temas relacionados coa saúde mental están adquirindo unha crecente importancia no ámbito sanitario: os estudos epidemiolóxicos sobre a prevalencia dos trastornos mentais, o impacto destes na calidade de vida, o seu peso cada vez maior como causa de discapacidade laboral, o incremento nas causas de morte relacionadas con eles (especialmente o suicidio), etc...

Á parte, en poucos ámbitos da saúde se deron tantos avances como no que nos ocupa. A mellora na instrumentación para o estudo do sistema nervioso e o incremento do fluxo de datos experimentado no decenio de 1990, denominada "*década do cerebro*", permitiu novos enfoques para o coñecemento e a abordaxe dos trastornos mentais. Este empuxe segue no presente decenio, denominado pola American Psychological Association a "*década da conduta*".

Polo tanto, desde o punto de vista do profesional en saúde mental, por un lado encontrámonos cun problema que ten unha presenza e un impacto social ao que debemos aplicar os nosos coñecementos e ferramentas para influír na súa resolución. E por outro, encontrámonos inmersos nunha continua riada de información, as máis das veces sobreabundante e non sempre facilmente dixerida, que nos debería axudar a mellorar os nosos coñecementos e a axustar e perfeccionar as nosas ferramentas.

Neste sentido cremos necesario, para mellorar na medida do posible a atención profesional aos usuarios dos servizos de Saúde Mental, filtrar en maior ou menor medida toda esa riada de información, co fin de poder escoller non só aquilo máis sólido, con maior apoio da evidencia recollida, senón tamén realizar os cambios pertinentes na súa presentación, para facilitar a súa incorporación *mutatis mutandis* á praxe diaria. Con este fin implícito puxémonos a traballar como grupo de traballo.

## 1.2. Obxectivo.

O noso obxectivo explícito como grupo de traballo foi elaborar unha guía clínica que achegue aqueles elementos que poidan facilitar o deseño de plans terapéuticos e que estes teñan un apoio sólido na bibliografía existente.

Tamén se tratou por todos os medios de chegar a un documento útil e de consenso, que tivese un formato que facilitase o seu uso e posterior valoración. A nosa intención foi que esta guía sexa unha ferramenta práctica e non simplemente outra publicación que se acumule nos nosos xa repletos andeis, e que polo tanto dea lugar á necesaria retroalimentación que incremente a súa futura utilidade clínica.

De igual maneira, propuxémonos como meta que o formato utilizado sexa o suficientemente flexible para poder incorporar, tras as futuras revisións oportunas, todas aquelas novidades que vaian aparecendo, solidamente contrastadas, neste campo. Este non pode ser un documento pechado, nin se pode cuestionar, como se dixo na introdución, permanecer alleo aos cambios futuros que se poden dar.

E por último, este documento preténdese que sexa de e para os profesionais, e ten como obxectivo último mellorar a atención ao usuario. Polo tanto, todos os profesionais deben ter lugar nel e poden utilizalo, sen primar ningún elemento sobre outro que nos aparte deste obxectivo último. Neste punto preténdese que as afirmacións sobre as medidas terapéuticas se baseen nos apoios e probas existentes, e non nas filias ou fobias particulares que, aínda que existen, non caben dentro dos obxectivos explícitos desta guía.

## 1.3. Método.

Inicialmente, por instancia do xefe do Servizo de Saúde Mental, Dr. Fernando Márquez, creouse o Grupo de traballo para a elaboración de guías clínicas (GTEGC). O GTEGC foi constituído por profesionais do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), con experiencia e práctica clínicas.

Nas primeiras reunións, as discusións versaron sobre os obxectivos da guía, a listaxe de temas que ían ser tratados nela, os documentos sobre os que íamos traballar, os niveis de evidencia aceptables inicialmente e o formato do documento que se ía tratar.

Deste modo decidimos utilizar como niveis de evidencia aqueles recomendados por *North of England Evidence Based Guideline Development Project* (1996). As divisións establecidas son as seguintes:

### Categorización da evidencia.

- A** Ensaio clínico aleatorizado controlado, meta-análise ou revisión sistemática ben deseñados metodoloxicamente.
- B** Estudos controlados, non aleatorizados, ben deseñados (cohortes, casos e controis).
- C** Estudos non controlados. Consenso entre opinións de expertos.

### Forza das recomendacións.

- A** Baseadas directamente en evidencia de categoría I. *Extremadamente recomendable.*
- B** Baseadas directamente en evidencia de categoría II, ou extrapoladas a partir de evidencia de categoría I. *Recomendación favorable.*
- C** Baseadas directamente en evidencia de categoría III, ou extrapoladas a partir de evidencia de categoría I ou II. *Recomendación non concluínte.*

A continuación decidiuse traballar sobre guías clínicas previamente publicadas e recentes. Estas debían indicar de modo explícito os niveis de evidencia e recomendación. Estes deberían ser adaptables aos criterios que como grupo seguimos. De toda a documentación examinada consideramos a utilización das seguintes guías:

- *Guía de práctica clínica para a atención ao paciente con esquizofrenia (versión extensa), da Agència d'Avaluació de Tecnologia i Recerca Mèdiques, Barcelona (2003).*

- *Schizophrenia: Core interventions in the treatment and management of schizophrenia in primary and secondary care, do National Institute for Clinical Excellence, Londres (2003).*
- *Psychosocial interventions in the management of schizophrenia, do Scottish Intercollegiate Guidelines Network, Edimburgo (1998).*
- *Practice Parameter for the assessment and treatment of children and adolescents with schizophrenia, da American Academy of Child and Adolescent Psychiatry, Washington (2000).*
- *Practice Guideline for the treatment of Patients with Schizophrenia (Second Edition), de American Psychiatry Association, Washington (2004).*

Esta documentación non esgotou a posibilidade de utilizar outros traballos cando o consideramos necesario ou cando os aspectos sobre os cales se trataba non se encontraban suficientemente desenvolvidos. Cando isto é así, cítanse explicitamente.

Realizamos diversas reunións de posta en común do traballo feito en horas roubadas ao descanso e á familia. E pouco a pouco foi conformándose o documento que agora teñen nas súas mans. Só o uso nos dirá se cumprimos os obxectivos que nos marcamos ao principio. Esperamos que si.

#### **1.4. Sobre a esquizofrenia.**

A presente guía pretende realizar suxestións sobre un conxunto de cadros que se engloban baixo a etiqueta de esquizofrenia (F20.X) dentro dos dous sistemas clasificatorios actualmente en vigor: o CIE-10 e o DSM IV TR.

Puntualizar, así mesmo, que a concordancia entre ambos os sistemas é moi elevada, fundamentalmente cando se utilizan os criterios diagnósticos de investigación do CIE-10, polo cal a equiparación dos datos e conclusións daqueles sistemas que utilizan un ou outro sistema sería case total.

A teor do anterior, habería que dicir que dentro da esquizofrenia existen diversos subtipos, e aquí a nomenclatura difire segundo o sistema. Neste cadro indicaremos simplemente a equivalencia entre ambos os sistemas.

CIE-10	DSM IV-TR
Esquizofrenia	Esquizofrenia
Esquizofrenia	T. esquizofreniforme
Paranoide	Paranoide
Hebefrénica	Desorganizada
Catatónica	Catatónica
Indiferenciada	Indiferenciada
Residual	Residual
Simple	Categoría provisional





# Princípios gerais do tratamento da esquizofrenia

2



As recomendacións contidas nesta guía clínica poden ser ofrecidas tanto nos servizos de Atención Primaria como nas unidades de Saúde Mental de Atención Especializada ou nivel secundario.

## C

É importante que todos os profesionais da saúde que interveñen nas distintas fases da enfermidade traballen en colaboración entre eles e cos usuarios dos servizos sanitarios, así como cos cuidadores e familiares próximos destes.

Os profesionais da saúde ofrecerán axuda, tratamento específico, e cuidados xerais nun horizonte de razoable esperanza e optimismo.

Se temos en conta que os efectos que comporta a aparición da esquizofrenia son considerables de cara á experiencia vital, subxectiva e interpersonal, e ás expectativas futuras, persoais e sociais, das persoas afectadas e dos seus achegados, tanto máis necesaria resulta a recomendación anterior **(NICE 2002b)**.

## C

Ademais do diagnóstico médico-psiquiátrico da enfermidade e do seu tratamento, obxectivo primordial da intervención sanitaria, convén non perder de vista a relevancia que ten unha correcta valoración das necesidades para o estado de saúde xeral e unha integración social destes pacientes. De tal maneira que unha valoración global ou integral debe abordar cuestións médicas, sociais, psicolóxicas, ocupacionais e laborais, económicas, culturais, etc. En resumo, trátase da calidade de vida global do paciente **(NICE 2002b)**.

Dunha maneira esquemática e provisional pódense enumerar algúns obxectivos que se poden intentar ter en consideración,:

- Grao de melloría sintomática.
- Grao de autonomía persoal.

- Capacidade de acceso a un traballo.
- Estabilidade e calidade na adaptación ás condicións de vida.
- Grao e calidade de integración social.
- Grao de independencia económica.
- Minimización dos efectos secundarios do tratamento.
- Etc.

### C

Unha vez diagnosticada a esquizofrenia, é desexable primeiro asesorar e logo ofrecer tratamento, canto antes. Un tratamento precoz pode mellorar o prognóstico da enfermidade **(NICE 2002b)**.

### C

O primeiro elo do tratamento é o establecemento dunha relación empática e de apoio co paciente e cos seus cuidadores **(NICE 2002b)**.

### C

Desde o inicio da relación terapéutica débeseles ofrecer información clara e comprensible aos pacientes e aos familiares sobre a esquizofrenia e as súas posibles causas. Tamén se salientará o papel que poden representar os familiares na promoción da recuperación e na evitación das recaídas.

Débase evitar a culpabilización dos pais (*transmisión xenética, malos pais*). **(NICE 2002b)**.

### C

Sempre que sexa posible haberá que contar co consentimento do paciente e dos seus familiares próximos antes de iniciar o tratamento.

Pero tendo en conta que a propia natureza da enfermidade pode afectar a capacidade do paciente para recoñecer que está enfermo, ou o propio

xuízo dos familiares acerca do que está ocorrendo, resulta esta unha tarefa complexa.

En calquera caso, se o desenvolvemento do diálogo non é satisfactorio e produtivo, a primeira elección unilateral por parte do equipo sanitario, e no referente ao tratamento biolóxico, é un antipsicótico atípico. **(NICE 2002b).**





Tratamientos biológicos

3



### 3.1. Introducción.

Como primeira elección, a opción recomendada é a dun antipsicótico atípico (**NICE 2002b**).

#### A

Para avalar esta proposta, tras unha revisión de 172 ensaios clínicos controlados randomizados, conclúese que as probas obtidas suxiren que os antipsicóticos atípicos son polo menos tan eficaces como os convencionais en taxas de resposta global e presentan un perfil máis favorable que estes en canto a efectos secundarios.

Hai datos que suxiren que os atípicos teñen diferenzas entre eles nos resultados máis detallados sobre determinados síntomas positivos e negativos.

A maioría dos estudos utilizan o haloperidol como antipsicótico convencional de referencia para os atípicos (e en segundo lugar de preferencia a clorpromazina). Este é un dato que hai que ter en conta á hora da valoración metodolóxica da maioría dos estudos revisados. (**NICE 2002a**).

Outros datos que hai que salientar desde un punto de vista metodolóxico, son:

- Os estudos non proporcionan datos de seguimento a longo prazo.
- Exclusión de pacientes anciáns, exclusión de pacientes con ERT (esquizofrenia resistente ao tratamento), así como pacientes con predominio de síntomas negativos, deficiencias de aprendizaxe, depresión comórbida, ou abuso de substancias.
- Insuficiente recollida de efectos adversos.
- Taxas de abandono.

Datos que poden revelar as insuficiencias metodolóxicas máis importantes. Recórdese a este respecto o traballo de Geddes et al. (2000), os cales en 2000 (tamén hai que ter en conta a data de publicación) atribúen as diferenzas entre atípicos e convencionais sobre todo ás dosificacións utilizadas. Por suposto, o estudo foi amplamente discutido no tempo transcorrido desde a súa publicación.

### 3.2. Inicio do tratamento. Fase aguda.

Antes de nos introducir directamente no tratamento da fase aguda, indicar a presenza de dous enfoques prometedores para unha intervención precoz:

■ Estudos dirixidos á detección temperá de síntomas prodrómicos. Trátase por tanto de estudos de prevención primaria. Exemplo o programa PACE (Personal Assistance and Crisis Evaluation) de Australia. Centrado en intervencións psicosociais. **(McGorry, 2000) (citado en AATRM 2003)**.

#### B

■ Intervención precoz na fase inicial da enfermidade. Prevención secundaria. Pretenden acurtar o período sen tratamento unha vez que comezou a enfermidade. Xeralmente os primeiros síntomas adoitan preceder ao diagnóstico ata nalgúns anos. Son exemplos o EPPIC (Early Psychosis Prevention and Intervention Centre) de Australia; e diversos proxectos en países anglosaxóns e escandinavos **(Larsen et al., 2001) (citado en AATRM 2003)**. Instauran tratamento antipsicótico e psicosocial precoz.

#### C

Tanto se o paciente é atendido inicialmente polo médico xeral e inicia o seu tratamento, como se é remitido a unha Unidade de Saúde Mental, é recomendable iniciar o tratamento canto antes cun **antipsicótico atípico** oral.

**C**

Se se comezou cun **antipsicótico convencional**, e os efectos secundarios limitan o seu uso, ou o control sintomático non é o esperable, cambiar a un **antipsicótico atípico**.

**C**

Se se iniciou o tratamento cun antipsicótico convencional, e a melloría sintomática é boa, con ausencia de efectos secundarios relevantes, **débese manter este antipsicótico e non cambiar a un atípico**.

**C**

Para elixir un antipsicótico (tomando en consideración as diferenzas entre os distintos atípicos, aínda que para iso non se poida recorrer a recomendacións de grao A ou B ata a data da publicación das guías que estudamos, e con excepción das recollidas máis abaixo) debemos ter en conta: **(Mc Glashan et al., 1996)**.

- Resposta previa do paciente ao tratamento con algún antipsicótico.
- Perfil de efectos secundarios do tratamento previo.
- Experiencia do profesional.

Se se considera apropiado máis dun antipsicótico atípico, débese elixir o de menor custo económico sempre que este se poida determinar de maneira razoable.

En calquera dos casos é desexable realizar a elección do fármaco en atención ao perfil das súas características farmacolóxicas en diálogo co paciente e cos seus familiares. Se este diálogo non é suficientemente viable, os antipsicóticos atípicos son os de primeira elección. Unha das principais razóns é o menor risco de EPS (efectos secundarios extrapiramidais).

Recollemos as recomendacións da guía citada en **(AATRM 2003)**, sen posteriores actualizacións máis recentes:

**A**

Se non hai outras opcións dispoñibles, está xustificado o emprego do haloperidol. A pesar de que pode ser causa de distonía aguda, acatisia e parkinsonismo. **(Joy et al., 2003).**

**A**

A risperidona ten menor risco que o haloperidol para causar efectos extrapiramidais. **(Kennedy et al., 2003).**

**A**

A amisulprida compórtase de maneira bastante similar á risperidona nun único ensaio clínico randomizado **(Gilbody et al., 2003).**

**A**

A olanzapina ocasiona menos efectos extrapiramidais que o haloperidol e a risperidona, pero presenta unha maior tendencia a aumentar o peso. **(Duggan et al., 2003).**

**A**

A quetiapina ten menor incidencia de efectos secundarios extrapiramidais que haloperidol e risperidona. Este dato permanece idéntico a doses baixas e altas. **(Srisurapanont et al., 2003).**

**A**

En pacientes resistentes ao tratamento con antipsicóticos convencionais, a clozapina móstrase cunha maior eficacia en canto a resultados de melloría clínica e de satisfacción por parte dos pacientes. **(Wahlbeck et al., 2003).**

Os dous atípicos máis recentes no noso medio son o aripiprazol **(El-Sayeh et al., 2004)** e a ziprasidona **(Bagnall A-M et al., 2004).**

De maneira complementaria, consúltese, por exemplo, **Kane et al. (2003)** (cfr. Bibliografía complementaria), dentro dun nivel de recomendación **C**.

## C

A clozapina é considerada como antipsicótico atípico, pero o seu uso está restrinxido a pacientes esquizofrénicos que non *responden e/ou non toleran* un tratamento antipsicótico convencional. (**NICE 2002a**).

Falta de resposta: *ausencia dunha melloría clínica satisfactoria a pesar da utilización de doses adecuadas ben realizadas de polo menos dous neurolépticos, polo menos un deles atípico, e durante un tempo mínimo (6 a 8 semanas para cada un).*

Intolerancia: *imposibilidade razoable de alcanzar un adecuado beneficio cun antipsicótico debido a efectos secundarios neurolóxicos severos e intratables (síntomas extrapiramidais ou discinesia tardía).*

As **medicacións depot** de acción prolongada non se adoitan prescribir para os episodios agudos polo tempo necesario para alcanzar concentracións estables e a súa lenta eliminación, pero poderían ser útiles na utilización non voluntaria ou por un cumprimento esporádico da medicación oral. Entre as máis utilizadas están o decanoato de flufenazina, o acetato e decanoato de zuclopentixol, e a risperidona consta."

## C

A frecuencia dos efectos secundarios extrapiramidais é bastante elevada. É conveniente informar disto o paciente e os seus familiares. Por este motivo recoméndase considerar o uso de medicación antiparkinsoniana. Sobre todo no caso de pacientes con antecedentes previos deste tipo de síntomas. Tamén nos que se poida sospeitar ou parecer previsible o desenvolvemento dunha actitude negativa ante a medicación, e que por tanto a súa posible falta de cumprimento se converta nun aspecto prioritario que hai que ter en conta. Utilízanse os seguintes fármacos: clorhidrato de biperideno e clorhidrato de trihexifenidilo (**APA 2004**).

**C**

Recoméndase iniciar tratamento oral con doses baixas dentro do rango de doses terapéuticas. As táboas de doses equivalentes de antipsicóticos están dispoñibles nalgunhas das guías e en múltiples textos.

Dose convencional de referencia para un antipsicótico en episodio agudo: 300-1000 mg/día de clorpromazina ou doses equivalentes doutro antipsicótico, durante un mínimo de seis semanas.

Doses distintas a estas deben ser xustificadas e documentadas razoablemente.

Non hai indicación para a utilización de doses elevadas, procedemento coñecido hai anos como *neuroleptización rápida*, e actualmente desbotado pola experiencia acumulada.

En caso de que se requira unha tranquilización rápida do paciente, esta cuestión será abordada máis adiante.

**B**

Se se utiliza a clorpromazina, débese informar do risco de fotosensibilidade cutánea.

**B**

Se se emprega un antipsicótico atípico, con risco coñecido (o incluído en ficha técnica) de ocasionar aumento de peso ou diabetes, deben monitorizarse estes riscos.

**C**

Non dar máis dun antipsicótico simultaneamente, sexa convencional ou atípico, excepto en períodos breves de tempo para proceder ao cambio de tratamento dun a outro.

É recomendable utilizar un só antipsicótico.

Débase monitorizar regularmente a resposta clínica que se vai obtendo e os efectos secundarios que poidan aparecer.

### Doses orientativas para a utilización de antipsicóticos (adaptada de –(APA 2004)–)

(O rango de doses varía moito entre os diversos estudos consultados, e as variacións son tan significativas que este feito non se pode pasar por alto).

Antipsicóticos convencionais (doses mg/día)	
Clorpromacina	300-1000
Perfenazina	16-64
Trifluoperazina	15-50
Haloperidol	5-20
Antipsicóticos atípicos ou de segunda xeración	
Amisulprida	200-800*
Aripiprazol	10-30
Clozapina	150-600
Olanzapina	10-30
Quetiapina	300-800
Risperidona	2-8
Ziprasidona	120-200

\* (Citado en –(AATRM 2003)–)

### 3.3. Tras episodio agudo.

#### C

Debido ao alto risco de recaída tras un episodio agudo, é recomendable continuar o tratamento antipsicótico durante 1-2 anos. Este aspecto debe ser convido co paciente e cos seus familiares. Despois deste prazo, o tratamento irase retirando gradualmente, permanecendo atentos con regularidade a posibles síntomas ou signos de descompensación.

Tras a retirada completa da medicación, débese continuar coas valoracións do paciente durante polo menos dous anos máis.

#### C

Se o paciente ou os seus familiares requiren unha segunda opinión profesional sobre a validez do diagnóstico ou das estratexias terapéuticas indicadas, débese facilitar o acceso a ela, dadas as importantes consecuencias persoais e sociais desta enfermidade. **(NICE 2002b).**

#### C

En canto á utilización doutras medicacións psicoactivas distintas dos antipsicóticos (litio, carbamacepina, ácido valproico e benzodiazepinas), déixanse para aqueles casos en que a clozapina non se pode empregar en pacientes resistentes a outros antipsicóticos. Pode ser por falta de eficacia, efectos adversos, preferencias do propio paciente, ou por falta de cumprimento dos controis periódicos que require a clozapina. **(AATRM 2003).**

As benzodiazepinas pódense usar na catatonía.

Tamén son útiles no manexo da ansiedade e incluso da axitación como complemento dos antipsicóticos, ou ata que estes sexan efectivos.

Os antidepressivos son útiles para o tratamento de depresión comórbida ou síntomas obsesivo-compulsivos (discútese o risco de exacerbar algúns síntomas psicóticos por parte dos antidepressivos.)

Pódense utilizar estabilizadores do ánimo e beta-bloqueantes para diminuir o risco de hostilidade e agresión.

En calquera dos casos, require atención a posibilidade de interaccións medicamentosas. **(APA 2004).**

### **ANEXO 1. Efectos secundarios dos antipsicóticos. (APA 2004).**

Os antipsicóticos convencionais de alta potencia (*incisivos*) asóciase con efectos extrapiramidais, moderada sedación, baixo risco de hipotensión ortostática e taquicardia, e baixo risco de efectos anticolinéxicos e antiadrenéxicos.

Os **antipsicóticos convencionais de baixa potencia** (*sedativos*) asóciase a un menor risco de efectos extrapiramidais que os anteriores; alto risco de sedación, alto risco de hipotensión ortostática e taquicardia; e alto risco de efectos anticolinéxicos e antiadrenéxicos. Hai outra gama de efectos secundarios menos frecuentes que varían coa medicación específica, pero, en xeral, todos eles, como grupo, se asocian cun moderado risco de aumento de peso, baixo risco de trastornos metabólicos, e elevada frecuencia de disfuncións sexuais.

A **síndrome neuroléptica maligna** ten unha incidencia baixa; crese que se asocia con maior risco aos antipsicóticos convencionais (sobre todo os de alta potencia) que aos atípicos.

Outros efectos secundarios menos frecuentes: diminución do limiar convulsivo, reaccións alérxicas, alteracións dermatolóxicas, hepáticas, oftalmolóxicas e hematolóxicas.

Como grupo, os antipsicóticos atípicos presentan menos efectos secundarios.

### 3.4. Fase de mantemento.

#### 3.4.1. Tratamento de mantemento.

Correspóndelles aos centros de saúde de Atención Primaria, en colaboración coas unidades de Saúde Mental, a monitorización do paciente esquizofrénico no referente a:

- Alteracións endócrinas (diabetes, hiperprolactinemia,...)
- Factores de risco cardiovascular (tensión arterial, lípidos,...)
- Efectos secundarios da medicación.
- Factores relativos ao *estilo de vida*: tabaco, alcohol, tóxicos,...

O obxectivo do tratamento farmacolóxico na fase de recuperación e de mantemento é:

- manter unha estabilidade, con melloría sintomática óptima, a suficiente como para realizar unha vida o máis normal posible; e
- previr recaídas.

#### C

Durante a fase de estabilización recoméndase manter o tratamento durante un a dous anos para diminuír o risco de recaídas, de acordo co paciente e cos seus familiares, tal como se veu reiterando noutras epígrafes. **(NICE 2002b).**

#### C

Nun paciente que presente un único episodio con síntomas positivos e non presente ningún síntoma durante o ano seguinte co tratamento de mantemento, pódese propoñer un período de proba sen medicación.

Igualmente pódese propoñer unha retirada da medicación en pacientes con varios episodios previos que se mantivesen estables durante cinco

anos sen síntomas positivos e que cumpran ben as prescricións do tratamento. Indicación de tratamento indefinido en pacientes con antecedentes de intentos de suicidio graves ou de condutas violentas.

Se se toma a decisión de suspender a medicación, a continuación débense adoptar algunhas precaucións para reducir o risco de recaídas: a redución das doses debe ser gradual durante varios meses; visitas ambulatorias máis frecuentes; planear a opción de estratexias de intervención precoz.

Se se está utilizando un antipsicótico convencional e este non é o bastante eficaz, ou dá uns efectos secundarios que na valoración entre o psiquiatra e o paciente resultan excesivos, é procedente cambiar a un antipsicótico atípico.

Se o antipsicótico atípico causa diabetes ou dá lugar a un aumento de peso, débense monitorizar estes efectos indesexados, e valorar o cambio a outro atípico (e como segunda elección de cambio, a un convencional).

Elementos que convén monitorizar de maneira permanente:

- Resposta clínica.
- Efectos secundarios.
- Satisfacción do usuario.

Se se ensaiou tratamento con dous antipsicóticos (polo menos un deles atípico), con cada un un mínimo de 6-8 semanas, sen unha melloría clínica apreciable; entón deben descartarse primeiro outras causas para a ausencia de suficiente melloría. Se non encontramos outros motivos, estudaremos o emprego de clozapina. Se con clozapina, utilizada polo menos entre 6-8 semanas, non se obtén o beneficio buscado, pódesele engadir un segundo antipsicótico simultaneamente.

Non está indicado empregar dous antipsicóticos conxuntamente noutras circunstancias (excepto no xa indicado solapamento temporal no cambio dun antipsicótico a outro). **(NICE 2002b).**

**A**

Polo menos un ensaio clínico aleatorizado, multicéntrico, demostra que a clozapina é eficaz en pacientes resistentes ao tratamento con antipsicóticos convencionais, e naqueles que non toleran os efectos secundarios extrapiramidais dos antipsicóticos convencionais. Tamén se salienta a súa relativa eficacia tanto en síntomas positivos como negativos. **(Kane et al., 1988).**

Na fase de mantemento é frecuente a prescrición doutros medicamentos ademais dos antipsicóticos para síntomas comórbidos:

- Os antidepressivos poden ser eficaces no tratamento da depresión maior e o trastorno obsesivo-compulsivo.
- A labilidade do estado de ánimo pode mellorar cos estabilizadores do ánimo.
- As benzodiazepinas poden ser útiles para o alivio da ansiedade e do insomnio. **(APA 2004).**

### 3.4.2. Prevención de recaídas: antipsicóticos orais (NICE 2002a).

**C**

- É recomendable realizar a elección do antipsicótico conxuntamente co paciente e cos seus familiares ou cuidadores.
- Considerar o uso de antipsicóticos orais atípicos en pacientes:
  - Tratados con antipsicóticos convencionais que a pesar do bo control sintomático, presentan efectos secundarios inaceptables.
  - Recaída con antipsicótico ou manexo insatisfactorio deste.

- Se o paciente está tratado cun antipsicótico convencional oral, con resultado satisfactorio e bo control sintomático, non é conveniente cambiar a un antipsicótico oral atípico.
- O tratamento con fármacos antipsicóticos é parte dun tratamento global que atende necesidades clínicas, emocionais e sociais do paciente.
- A monitorización de efectos terapéuticos e efectos secundarios é particularmente importante se se cambia de antipsicótico.

### C

É preferible un réxime de dosificación continua da medicación, en lugar de doses intermitentes. Salvo en casos de sensibilidade a efectos secundarios, rexeitamento do tratamento, etc.

#### **3.4.3. Prevención de recaídas: antipsicóticos depot (NICE 2002a).**

### C

Como alternativa á medicación oral, e en función da valoración clínica, cumprimento, etc., pódese valorar como alternativa a utilización de medicación depot.

### B

- Os medicamentos depot son unha opción válida se o paciente expresa a súa preferencia neste sentido.
- Tamén é unha modalidade de elección como parte dun plan de tratamento no cal se pretende evitar a non adherencia ao antipsicótico.

### A

A medicación depot debe ser prescrita dentro dos rangos de doses estándar recomendados para unha óptima eficacia na prevención de recaídas.

**C**

- A elección do fármaco depot preferiblemente debe ser acordada no diálogo informado entre os profesionais, o paciente, e os familiares próximos deste ou cuidadores.
- Os pacientes en tratamento con medicación depot deben seguir revisións médicas regulares, con monitorización de riscos e beneficios, da mesma maneira que os pacientes en tratamento oral.

### 3.5. Esquizofrenia resistente ao tratamento (ERT). (NICE 2002 a e b).

**C**

- O primeiro paso no manexo da ERT é comprobar que tal concepción é correcta, e por tanto asegurarse de que o cumprimento da medicación, as doses e a duración do tratamento foron correctas.
- En segundo lugar hai que descartar outros motivos posibles de falta de resposta:
  - Consumo concomitante de substancias tóxicas.
  - Deficiente adherencia ao tratamento.
  - Uso doutros fármacos prescritos.
  - Enfermidades físicas.

**C**

Se en primeira instancia o paciente non respondeu ao tratamento cun antipsicótico convencional, está indicado recorrer a un antipsicótico atípico. A guía inglesa ofrece a opción de olanzapina ou risperidona, informando o paciente e os seus familiares de que a eficacia é menor que a da clozapina, estando a elección condicionada aos riscos hematolóxicos desta.

**C**

Seguidos os anteriores pasos, e confirmado o diagnóstico de ERT (non se logra unha melloría suficiente a pesar de utilizar as doses recomendadas cando menos durante 6 a 8 semanas, de polo menos dous antipsicóticos, un dos cales, ao menos, debe ser un atípico), a indicación é a instauración do tratamento con clozapina.

**C**

Os fármacos antipsicóticos, sexan atípicos ou convencionais, non deben ser prescritos conxuntamente, excepto en períodos breves de tempo para permitir o cambio dun a outro. Non obstante, nos pacientes diagnosticados de ERT, nos cales a clozapina non alcanza unha eficacia aceptable, débese engadir un segundo antipsicótico.

### 3.6. Tranquilización rápida.

**C**

O obxectivo é calmar o paciente e reducir o risco de violencia e dano para si mesmo ou para outras persoas. Unha resposta óptima sería lograr unha redución da axitación e do potencial agresivo sen unha excesiva sedación, permitindo con posterioridade unha pronta valoración e tratamento específico do paciente (tratamento da condición psiquiátrica subxacente).

**C**

O persoal sanitario que intervén nos procedementos de tranquilización rápida debe estar preparado en:

- Avaliación e manexo das características e riscos dos fármacos (antipsicóticos e benzodiazepinas).
- Manexo de equipamentos e técnicas de resucitación cardio-pulmonar.
- Prescrición farmacolóxica dentro de rangos terapéuticos.

- Utilización de flumazenil (como antagonista de benzodiazepinas).
- Valoración de riscos da tranquilización rápida en pacientes baixo certas condicións: que poidan ter consumido alcohol ou tóxicos, que estean deshidratados ou con algunha enfermidade física.

## C

### Resumo dos principios da tranquilización rápida.

- Antes da administración parenteral da medicación, débese ofrecer a vía oral.
- Se é necesaria a vía parenteral, é preferible a vía intramuscular (IM) á vía intravenosa (IV), por ser máis segura. Recorrer á vía IV en circunstancias excepcionais.
- Tras a administración de medicación parenteral, é necesario monitorizar os signos vitais (tensión arterial, pulso, temperatura, respiración), e rexístralos por escrito, periodicamente, ata que o paciente vaia recobrando un nivel normal de actividade psicomotriz.
- Tras a tranquilización rápida, e en canto sexa posible, hai que lograr unha completa valoración médica e psiquiátrica. Propoñer diagnósticos diferenciais.
- Uso con cautela dos fármacos por factores como:
  - O tratamento produce unha diminución do nivel de conciencia máis severa que a sedación pretendida.
  - As características da intervención poden ocasionar un dano na relación equipo terapéutico-paciente.
  - Prodúcese unha demora na desexable precisión diagnóstica.
- Cómpre dispoñer dun equipamento de resucitación cardio-pulmonar e de flumazenil.

- Os pacientes que presenten unha marcada sedación, ou que consumiron alcohol, requiren unha vixilancia máis estreita e permanente, e se esta non é posible polas características do servizo en que é atendido, hai que pensar nas complicacións potenciais da tranquilización rápida.
- É recomendable o emprego de *doses efectivas mínimas* en lugar de *cócteles*.
- Unha vez que o paciente se vai recuperando, é necesario explicarlle as razóns polas cales se recorreu a unha tranquilización urxente.

## C

### Fármacos empregados na tranquilización rápida.

- Fármacos recomendados na vía IM: lorazepam (de momento non comercializado no noso país), haloperidol e olanzapina (tamén comercializada no noso medio ziprasidona en presentación IM). Sempre se prefere utilizar un só fármaco antes que combinalos.
- Se pola urxencia se considera preciso utilizar máis dun fármaco, a combinación máis segura é o haloperidol IM co lorazepam IM.
- Non é recomendable a utilización do diazepam IM nas alteracións condutuais de pacientes presumiblemente esquizofrénicos.
- A mesma afirmación cabe facer con respecto á clorpromazina IM.
- Se se utiliza haloperidol IM (ou outro antipsicótico convencional IM), débese engadir un anticolinérxico para reducir o risco de distonía ou outros efectos extrapiramidais.

### 3.7. Terapia electroconvulsiva (APA 2001 e NICE 2003).

## C

É preferentemente un tratamento de segunda elección na esquizofrenia, indicado tras o fracaso dos antipsicóticos, (sobre todo nos que non tole-

ran ou non responden á clozapina), e en particular con síntomas afectivos intensos. Xeralmente establécense entre 8 a 20 sesións de TEC. O tratamento co antipsicótico débese manter durante e despois da TEC (APA 2004).

### C

Considérase a opción de indicar TEC de mantemento cando o paciente respondeu previamente de modo satisfactorio a esta modalidade terapéutica, ou ben cando os ensaios de tratamento farmacolóxico resultaron ineficaces ou non foron tolerados. (APA 2004).

### C

As indicacións máis frecuentes: esquizofrenia catatónica, casos graves que cursan con intensa axitación e/ou desorientación, contraindicación de antipsicóticos (pola posibilidade de causar síndrome neuroléptica maligna), depresión secundaria e trastornos esquizoaffectivos resistentes. (APA 2004).

### A

Segundo unha revisión sistemática, a TEC é menos efectiva que a medicación antipsicótica. Pode ser utilizada como coadxuvante desta en pacientes que mostren só unha resposta parcial coa medicación. (Tharyan et al., 2003).

Referíndonos á Guía da APA específica para TEC (APA 2001), podemos engadir:

### A

Un ensaio clínico randomizado avala que o tratamento de mantemento con TEC pode ser útil nalgúns pacientes que responderon en fase aguda á mesma modalidade e nos cales a profilaxe farmacolóxica soa non resultou efectiva ou non foi tolerada.

En fase aguda, hai estudos clínicos con cualificación A nos cales se proba que a combinación de antipsicóticos (tanto convencionais como atípicos) con TEC resulta eficaz. De todas formas, a clozapina é unha alternativa previa á TEC en pacientes resistentes a outros antipsicóticos.

A partir de aquí referímonos ás indicacións da Guía do NICE (**NICE 2003**). A cualificación destas afirmacións corresponde ao **nivel C**.

A TEC recoméndase soamente para alcanzar unha melloría rápida de síntomas graves despois dun adecuado ensaio doutras opcións terapéuticas, que resultaron ineficaces; ou ben en pacientes nos cales se considere que o seu estado constitúe potencialmente unha ameaza vital; en pacientes diagnosticados de:

- Enfermidade depresiva grave.
- Catatonía.
- Episodio maníaco grave ou prolongado.

A indicación da TEC debe estar documentada, facendo constar tanto os beneficios potenciais como os riscos do paciente: riscos derivados do procedemento anestésico, comorbilidade actual, efectos adversos previsibles, en particular o trastorno cognitivo, e os riscos derivados de non recorrer a esta modalidade de tratamento.

Por aumento dos factores de risco, débese prestar especial atención a algúns grupos de poboación: embarazadas, anciáns, nenos e adolescentes.

Débese solicitar consentimento informado nos casos en que o paciente está capacitado para dar a súa decisión. A decisión de recorrer á TEC será tomada a ser posible a través dun diálogo informado entre o persoal clínico e o paciente. A ser posible, neste diálogo débense involucrar tamén os familiares máis achegados e os cuidadores do paciente. En todo caso, a administración da TEC guiarase segundo as indicacións vixentes en cada momento.

Se o diálogo co paciente non é viable, a decisión que tomen os clínicos será consultada cos cuidadores do paciente.

Tras cada sesión de TEC débese valorar o estado clínico do paciente (incluíndo o estado cognitivo). Unha vez alcanzada a resposta desexada, suspenderase o tratamento; ou tan pronto como haxa evidencia de efectos adversos importantes.

Adminístranse normalmente quendas de 6 a 12 sesións de TEC, cunha frecuencia de dúas veces á semana xeralmente. Se unha quenda de TEC resultou eficaz, pódese repetir a mesma pauta ante unha nova recaída.

É discutible o mantemento dunha sesión de TEC cunha periodicidade por exemplo mensual, xa que non están ben determinados os riscos e beneficios da TEC a longo prazo.

No estado actual de coñecementos, non se recomenda o uso xeneralizado da TEC no tratamento da esquizofrenia.

### 3.8. Bibliografía.

- 1** Agència d'Avaluació de Tecnologia i Recerca Mèdiques (2003). Guía de práctica clínica para la atención al paciente con esquizofrenia. Barcelona.
- 2** American Psychiatric Association (2001). The Practice of Electroconvulsive Therapy: Recommendations for Treatment, Training, and Privileging. A Task Force Report of the American Psychiatric Association. Washington DC.
- 3** American Psychiatric Association (2004). Practice Guideline for the Treatment of Patients with Schizophrenia. Second Edition.
- 4** Bagnall A-M, Lewis RA, Leitner ML (2004): Ziprasidona para la esquizofrenia y la enfermedad mental severa. En: a Cochrane Library plus en español. Oxford: Update Software.

- 5 Duggan L, Fenton M, Dardennes RM, El-Dosoky A, Indran S (2003) Olanzapine for Schizophrenia (Cochrane Review) Cochrane Database Syst Rev (1).
- 6 El-Sayeh HG, Morganti C (2004): Aripiprazol para la esquizofrenia. En: a Cochrane Library plus en español. Oxford: Update Software.
- 7 Geddes J, Freemantle N, Harrison P, Bebbington P (2000): Atypical antipsychotics in the treatment of schizophrenia: systematic overview and metaregression analysis. *BMJ* 321:1371-1376 (2 December).
- 8 Gilbody SM, Bagnall AM, Duggan L, Tuunainen A. (2003): Risperidone versus other atypical antipsychotic medication or schizophrenia (Cochrane Review). *Cochrane Database Syst Rev* (1).
- 9 Joy CB, Adams CE, Lawrie SM (2003): Haloperidol versus placebo for schizophrenia. *Cochrane Database Syst Rev*.
- 10 Kane J, Honigfeld G, Singer J, Meltzer H (1988): Clozapine for the treatment-resistant schizophrenic. A double-blind comparison with chlorpromazine. *Arch Gen Psychiatry* 45(9): 789-96.
- 11 Kennedy E, Song F, Hunter R, Clarke A, Gilbody S (2003): Risperidone versus typical antipsychotic medication for schizophrenia (Cochrane Review). *Cochrane Database Syst Rev* (1).
- 12 Larsen TK, Friis S, Haahr U, Joa I, Johannessen JO, Melle I et al. (2001): Early detection and intervention in first-episode schizophrenia: a critical review. *Acta Psychiatr Scand* 103 (5): 323-334.
- 13 McGlashan TH, Johannessen JO (1996): Early detection and intervention with schizophrenia: rationale. *Schizophr Bull* 22(2): 201-222.
- 14 Mc Gorry PD (2000): The nature of schizophrenia: signposts to prevention. *Aust N Z J Psychiatry* 34 (Suppl): S14-S21.

- 15 Nacional Institute for Clinical Excellence (2002a). Guidance on the Use of Newer (Atypical) antipsychotic drugs for the treatment of schizophrenia. Technology Appraisal 43. London.
- 16 Nacional Institute for Clinical Excellence (2002b): Schizophrenia (Core Interventions in the treatment and management of schizophrenia in primary and secondary care). London: Clinical Guideline 1.. [www.nice.org.uk](http://www.nice.org.uk)
- 17 National Institute for Clinical Excellence (2003). Guidance on the Use of Electroconvulsive Therapy. Technology Appraisal 59. London.
- 18 Srisurapanont M, Disayavanish C, Taimkaew K (2003). Quetiapine for Schizophrenia (Cochrane Review). Cochrane Database Syst Rev (1).
- 19 Tharyan P, Adams CE (2003): Electroconvulsive therapy for schizophrenia (Cochrane review). Cochrane Database.
- 20 Wahlbeck K, Cheine M, Essali A (2003): Clozapine versus typical neuroleptic medication for schizophrenia (Cochrane Review). Cochrane Database Syst Rev (1).

### 3.8.1. Bibliografía complementaria.

- 1 Alberdi Sudupe J, Castro Dono C, Vazquez Ventoso C: Esquizofrenia. En Guías Clínicas, <http://www.fisterra.com>
- 2 Bagnall AM, Jóns L, Ginnelly L, Lewis R, Glanville J, Gilbody S, Davies L, Torgerson D, Eijnen J (2003): A systematic review of atypical antipsychotic drugs in schizophrenia. Southampton, United Kingdom: Health Technology Assessment NHS R&D HTA Programme. Informe Núm Vol 7 (13).
- 3 Collège des Médecins du Québec (1999). Guidelines: Treating Schizophrenia. Québec.

- 4 Davis JM, Chen M, Glick IR (2003): Metaanálisis de la eficacia de los antipsicóticos de segunda generación. Arch Gen Psychiatry 60:553-564.
- 5 Kane JM, Leucht S, Carpenter D, Docherty JP (2003): Guías de Consenso y Recomendaciones de Expertos. Optimización del Tratamiento Farmacológico de los Trastornos Psiquiátricos. The Journal of Clinical Psychiatry, vol 64, supl 12.
- 6 Leea Muhonen (2004). Schizophrenia. EBM Guidelines. 21-05-2004-11-23 Article ID: ebm00722(035.011). Dudodecim Medical Publications LTD.
- 7 Leucht S, Barnes TRE, Kissling W, Engel RR, Correll, Kane JM (2003). Relapse Prevention in Schizophrenia with New-Generation Antipsychotics: A Systematic Review and Exploratory Meta-Analysis of Randomized, Controlled Trials. Am J Psychiatry 160: 1209-1222.
- 8 McGrath J, Emmerson B (1999): Treatment of Schizophrenia. BMJ 319: 1045-1048 (16 October) <http://bmj.bmjournals.com>
- 9 Scottish Intercollegiate Guidelines Network (SIGN) (1998): Psychosocial Interventions in the Management of Schizophrenia. A Nacional Clinical Guideline. Edinburgh (Scotland).
- 10 Soler Insa PA, Gascon J (Coord.) (1999): RTM II. Recomendaciones Terapéuticas en los Trastornos Mentales. (Comité de Consenso de Cataluña en Terapéutica dos Trastornos Mentais). Barcelona: Masson, (2ª edic.).





Psicoterapia

4



## 4.1. Introducción.

### C

Recoméndase que as psicoterapias sexan conducidas por **profesionais** cualificados que teñan unha **formación** específica, unha **experiencia** suficiente (apoiada por unha supervisión adecuada), unha **dispoñibilidade**, constancia e que poidan establecer un vínculo a longo prazo. A **elección** dos enfoques psicoterapéuticos específicos deberá estar determinada pola clínica do paciente, as súas necesidades, as súas capacidades, as súas preferencias e polos recursos existentes. Durante a **fase aguda (ou crise)** da esquizofrenia recoméndase que as psicoterapias vaian encamiñadas a reducir as relacións ou episodios da vida que resulten **estresantes** e a fomentar unhas **relacións de apoio** (tolerantes e non exixentes) (AATRM, 2003).

### B

As intervencións psicoterapéuticas na **fase aguda** oriéntanse a reducir a **sobreestimulación**, as **relacións interpersoais** estresantes, os **acontecementos vitais** negativos e a promover a **relaxación** mediante comunicacións simples, claras e coherentes. Débese procurar un **ambiente** estruturado e predicible, un baixo nivel de exigencia, **tolerancia**, actitudes non demandantes e relacións de **apoyo**. Recoméndase proporcionarlles **información** ao paciente e á familia sobre a **natureza** e o apropiado **manexo** da enfermidade, nuns termos adaptados á capacidade que teña o suxeito con esquizofrenia de assimilar estes contidos. A fase **aguda** é o mellor momento para que o psiquiatra inicie a relación cos **familiares**, dado que tenden a estar particularmente **preocupados** polo trastorno do paciente, a súa eventual **discapacidade**, e o seu pronóstico en xeral (APA, 2004).

**C**

As intervencións psicosociais na **fase de estabilización** continúan provendo apoio pero deben ser menos estruturadas e directivas que na fase aguda (APA, 2004).

**C**

A **educación** acerca do curso e evolución da **enfermidade** e sobre os factores que inflúen no pronóstico, incluída a **adherencia ao tratamento**, pode empezar nesta etapa de estabilización para os pacientes e continuar para os familiares (APA, 2004).

**B**

Contando co consentimento do enfermo, é beneficioso manter lazos coas persoas que interactúan frecuentemente con este, dado que están en mellores condicións para notificar calquera **reagudización sintomática**, así como a presenza de **estrés vital** ou acontecementos que poden incrementar o risco de **recaída** ou obstaculizar a progresión da recuperación funcional (APA, 2004).

**A**

Para a maior parte das persoas con esquizofrenia na fase estable, recoméndase o emprego das **intervencións psicosociais** coligadas ao tratamento farmacolóxico, que deben optimizar a evolución (APA, 2004).

**B**

Outros tratamentos psicosociais beneficiosos na fase de estabilización son o **adestramento de habilidades** e a **psicoterapia** de orientación **cognitivo-condutual** (APA, 2004).

**A**

As intervencións que **educan** os **familiares** acerca da esquizofrenia son necesarias para proporcionar soporte e ofrecer adestramento na solución

dos problemas concretos, prevenen a **recaída** dos síntomas agudos e contribúen a mellorar o funcionamento global do paciente, así como o **benestar** da familia (APA, 2004).

## B

Os programas de **adestramento de habilidades sociais** poden ser vantaxosos no tratamento da deterioración funcional, ensaiando destrezas sociais ou **actividades da vida diaria** (APA, 2004).

## A

Os protocolos consensuados de tratamento necesitan combinar os psicofármacos coas intervencións psicosociais, co obxectivo de **reducir** as **hospitalizacións** en situacións de crise e as visitas aos servizos de **urxencias**, fomentando unha maior recuperación (APA, 2004).

### 4.2. Psicoterapia psicodinámica.

## A

Arredor de 1980 destacan os estudos de **eficacia** nos cales se **comparou** a **psicoterapia individual** asociada á medicación, coa **psicoterapia de apoio** e a **terapia psicodinámica** (The Boston Psychotherapy Study). Contrariamente ás expectativas dos investigadores (que esperaban vantaxes para a terapia psicodinámica), ningún tratamento foi marcadamente superior (AATRM, 2003).

### 4.3. Terapia cognitivo-condutual.

## A

A terapia cognitivo-condutual debe estar dispoñible como **opción terapéutica** para as persoas con esquizofrenia (NHS, 2002).

**A**

En particular, a terapia cognitivo condutual debe ser brindada ás persoas con esquizofrenia que experimentan **síntomas psicóticos persistentes**. (NHS, 2002).

**B**

A terapia cognitivo-condutual débese encadrar como unha opción terapéutica para **fomentar o desenvolvemento do insight e o manexo da pobre adherencia ao tratamento** (NHS, 2002).

**B**

Os tratamentos prolongados con terapia cognitivo-condutual son significativamente máis eficaces que as intervencións breves, que poden corrir os síntomas depresivos pero é improbable que melloren os síntomas psicóticos. Unha programación adecuada dunha terapia cognitivo-condutual, que xere progresos nos síntomas psicóticos, debe ter unha duración de máis de seis meses e incluír máis de 10 sesións planificadas (NHS, 2002).

**A**

Recoméndase a terapia cognitivo-condutual para o tratamento dos **síntomas positivos e negativos na esquizofrenia resistentes aos antipsicóticos** (AATRM, 2003).

#### 4.4. Psicoterapia grupal.

**C**

Recoméndase que os pacientes teñan **estabilidade clínica suficiente** para poder participar dunha forma construtiva no grupo; **exclúíranse** enfermos moi afectados por alucinacións ou delirios, pola desorganización do pensamento e polo mal control dos impulsos (AATRM, 2003).

**A**

Na **fase aguda** e, sobre todo, en pacientes que necesitaron hospitalización non hai probas da eficacia da **psicoterapia de grupo orientada ao insight** e hai indicios de que pode ser nociva (AATRM, 2003).

**C**

Dado que entre a reagudización sintomatolóxica e a **recaída** pode transcorrer menos dunha semana, recoméndase unha **visita semanal durante un ano** e posteriormente espacialas segundo a evolución que presente o paciente (AATRM, 2003).

**B**

Aconséllase establecer unha **periodicidade semanal ou quincenal** nas sesións de **psicoterapia grupal**, así como garantir a continuidade desta ao longo do tempo (AATRM, 2003).

**A**

Na **fase estable** (ou de mantemento), en suxeitos con **esquizofrenia de inicio precoz**, recoméndanse **técnicas de habilidades sociais**, xa que se obteñen mellores resultados que coas técnicas de apoio (AATRM, 2003).

**A**

En diferentes estudos controlados **compáranse** diversas **abordaxes grupais** aplicadas na **fase estable: cognitivo-condutuais, habilidades sociais e apoio, acoutadas a obxectivos** delimitados. Non se aprecian **diferenzas** significativas en relación coa estrutura da abordaxe grupal, perfilándose a **periodicidade** (semanal, quincenal) e a **continuidade** do tratamento como os factores de maior influencia nos resultados (AATRM, 2003).

#### 4.5. Intervención familiar.

##### A

As intervencións familiares deben estar dispoñibles para as **familias** das persoas con esquizofrenia que **conviven** ou que están en estreito contacto cos pacientes. En particular, estas intervencións débense brindar aos familiares das persoas con esquizofrenia, que sufriron **recentemente** unha **recaída** ou que están en considerable **risco de recaída** (NHS, 2002).

##### A

Tamén as intervencións familiares se lles deben ofrecer ás familias das persoas con esquizofrenia que teñen **síntomas persistentes** (NHS, 2002).

##### A

Cando se aplican terapias de familia, os usuarios dos servizos e os seus cuidadores adoitan preferir as **intervencións familiares individuais** ás intervencións en grupos multifamiliares (NHS, 2002).

##### A

Recoméndanse as **intervencións familiares** de tipo **psicoeducativo** baseadas no **manexo das emocións expresadas**, para previr recaídas e **mellorar o prognóstico** da enfermidade (os seus efectos mantéñense ao cabo de 24 meses) (AATRM, 2003).

##### A

Recoméndanse os programas de intervención familiar para a diminución da **carga familiar**, mellora do **funcionamento social** do paciente e redución do **custo económico** (AATRM, 2003).

##### A

Respecto ao tipo de intervención familiar, non se demostrou a maior eficacia dun modelo concreto, aínda que a maioría dos programas utilizan intervencións de tipo **psicoeducativo**. O que si parece claro é que máis

que o tipo de intervención, o que interesa é a súa **duración**. Intervencións a curto prazo non resultaron efectivas na prevención de recaídas, polo que se recomentan programas cun **mínimo de seis meses** de duración (AATRM, 2003).

## A

Aconséllase aplicar a terapia de intervención familiar en **pacientes moderada ou gravemente discapacitados** e sobre todo naqueles de **longa evolución**. En pacientes con inicio recente haberá que valorar cada situación de forma individualizada (AATRM, 2003).

## A

Os programas deberanse aplicar en grupos de familiares de pacientes **homoxéneos** en canto ao **diagnóstico** e deberán **incluír** o propio **paciente**, como complemento do tratamento habitual e cunha duración que nunca será inferior a seis meses para que este encadramento psicoterapéutico resulte eficaz (AATRM, 2003).

## A

Os programas deberán proporcionar habitualmente **información** aos familiares sobre a natureza da enfermidade (sempre que se **adapten** ás necesidades e situación concreta de cada familia), xunto con estratexias específicas como **técnicas de afrontamento do estrés** ou **adestramento na resolución de problemas**. Unha **opción** que se mostrou eficaz son as intervencións familiares centradas en **necesidades concretas** das **familias** (AATRM, 2003).

## A

Para que a aplicación da intervención familiar resulte eficaz, recoméndase que se **combine** apropiadamente co **resto** de **intervencións** incluídas no plan xeral de tratamento (AATRM, 2003).

#### 4.6. Referencias:

- 1** Agència d'Avaluació de Tecnologia i Recerca Mèdiques [AATRM, 2003]. Guía de práctica clínica para la atención al paciente con esquizofrenia. Versión extensa. Barcelona: Agència d'Avaluació de Tecnologia i Recerca Mèdiques; 2003.
- 2** American Psychiatric Association [APA, 2004]. Practice Guideline for the Treatment of Patients with Schizophrenia. Second Edition. Arlington: American Psychiatric Association; 2004.
- 3** National Institute for Clinical Excellence [NHS, 2002]. Schizophrenia: Core Interventions in the treatment and management of schizophrenia in primary and secondary care. Clinical Guideline 1. London: National Institute for Clinical Excellence; 2002.



Terapia de mantemento

5



Unha vez recuperado o paciente dun primeiro episodio ou ben dunha recaída, as prioridades de atención e coidados cambian. Pasamos a priorizar a prevención de recaídas e a rehabilitación. O paciente encóntrase sen síntomas psicóticos activos, na maioría dos casos, e cun grao variable de secuelas que fan necesarias un conxunto de intervencións complexas e que exixen un traballo coordinado entre diferentes dispositivos.

## 5.1. Prevención de recaídas.

### 5.1.1. Intervencións psicolóxicas.

#### 5.1.1.1 Psicoeducación.

##### A

Recoméndanse programas de educación sanitaria xa que demostraron eficacia na continuidade do tratamento (AATRM, 2003), (SIGN, 1998) e identificación de síntomas precoces de recaída. Para máis información ver a epígrafe de psicoterapias da presente guía.

#### 5.1.1.2 Terapia familiar.

##### A

Só mencionar que a súa administración parece máis eficaz en fases avanzadas da enfermidade (AATRM, 2003; Cardin VA, 1986; Tarrier, 1991), debendo axustar a información ás necesidades das familias (AATRM, 2003): en redución de recaídas e ingresos. Esta epígrafe está desenvolvida con maior detalle no capítulo de psicoterapias.

### 5.1.2. Tratamento farmacolóxico de mantemento.

Xa comentado na epígrafe de tratamento farmacolóxico. O reto da fase estable da enfermidade é conseguir que o paciente manteña o cumprimento da medicación.

## 5.2. Rehabilitación.

### 5.2.1. Síntomas positivos persistentes.

#### 5.2.1.1 Terapia cognitivo-condutual.

#### A

Debe estar dispoñible para pacientes con esquizofrenia, especialmente naqueles con síntomas persistentes (NICE, 2002).

#### A

É especialmente eficaz en pacientes con síntomas resistentes ao tratamento (AATRM, 2003).

Xa desenvolvido na epígrafe de psicoterapias.

#### 5.2.1.2 Protocolo farmacolóxico de esquizofrenia resistente.

Xa comentado na epígrafe de tratamento farmacolóxico.

### 5.2.2. Síntomas negativos persistentes.

#### 5.2.2.1 Adestramento en habilidades sociais.

De acordo co esquema descrito por Bellack e Mueser (Bellack AS, 1993) e citado por Bustillo e cols. (Bustillo e cols., 2001) existen tres modalidades diferentes de adestramento en habilidades sociais:

### ■ Modelo básico.

(Motor skills model) no cal as condutas sociais complexas son fraccionadas en pasos moito máis sinxelos susceptibles de seren recollidos a través da aprendizaxe mediante o ensaio condutual (role playing). (AATRM, 2003).

#### B

Este modelo é eficaz na adquisición e/ou mantemento de certas habilidades sociais (AATRM, 2003), non estando demostrada a súa eficacia en canto á redución de recaídas, de síntomas ou en medidas de adaptación social.

### ■ Modelo de resolución de problemas sociais.

Céntrase nas áreas que deben cambiar, incluíndo o manexo da medicación, os síntomas, o tempo libre, os niveis básicos de conversa e o coidado persoal. Cada área é abordada de modo activo e pedagóxico; como parte dun módulo coa finalidade de corrixir os déficits das capacidades receptiva, de procesamento e emisora. (AATRM, 2003).

#### A

Demostrouse a súa eficacia e mantemento dos resultados a 12 e 24 meses en canto a medidas que inclúen a administración de bens materiais, adaptación social e habilidades culinarias (AATRM, 2003).

### ■ Modelo de resolución cognitiva.

Que consiste nunha intervención grupal onde o proceso de aprendizaxe corrector se centra, de entrada, nas alteracións cognitivas máis básicas, como a atención e a planificación. (AATRM, 2003).

#### B

Aínda que non se demostrou eficacia en canto á melloría en habilidades sociais (AATRM, 2003), parece que en pacientes gravemente discapacitados o enfoque de resolución cognitiva podería potenciar a resposta a unha terapia de adestramento en habilidades sociais mediante o modelo de resolución de problemas (AATRM, 2003)IIb).

**A**

Unha meta-análise cun total de 117 pacientes non puido demostrar melloría en estado mental, adaptación social ou función cognitiva (AATRM, 2003).

Un enfoque novo de **rehabilitación cognitiva** aplicado recentemente en esquizofrenia consiste en utilizar estratexias no **medio** social do paciente. Trátase de utilizar etiquetas, obxectos ou instrumentos electrónicos que avisen ou recorden as condutas requiridas nunha determinada actividade social da vida diaria (Velligan DI e cols, 2000).

#### 5.2.2.2 Rehabilitación laboral (Crowther R, 2002; Bustillo, 2001).

**C**

A avaliación da capacidade laboral e estado ocupacional debería estar no plan de coidados de todos os pacientes (NICE, 2002).

Os elementos comúns dos programas de rehabilitación laboral son, entre outros, o obxectivo de obter un emprego normalizado estable, aprender as habilidades para un proceso de selección mínimo para un posto de traballo, un apoio ilimitado no tempo e a consideración das preferencias do paciente (AATRM, 2003).

**■ Programas de formación prelaboral.****■ Programas de apoio laboral.**

En que o paciente se incorpora ao emprego normalizado inmediatamente e se lle prové axuda para o emprego; esta axuda pode ser xenérica (sobre hixiene persoal ou transporte, por exemplo) ou máis enfocada sobre o emprego.

**A**

Estes programas son eficaces na obtención de emprego normalizado, mesmo aos 12 e 24 meses fronte aos programas de formación prelaboral en pacientes leve ou moderadamente enfermos (AATRM, 2003).

**■ Outras intervencións.****C**

As intervencións deberanse estender a pacientes que non sexan capaces de reincorporarse á actividade laboral competitiva ou que fracasen en varias ocasións (NICE, 2002) Enténdase emprego protexido e terapia ocupacional. Non se mencionan nas guías datos de evidencia científica destas intervencións.

### 5.3. Os niveis de asistencia na fase estable.

#### 5.3.1. Atención primaria.

Punto de enorme interese e non obstante só mencionado pola guía do NICE. Atención primaria é un recurso asistencial esencial para os pacientes con esquizofrenia. É un punto onde se pode monitorizar o estado físico e mental dos pacientes con trastornos mentais graves.

O NICE recomenda un control centrado nos factores de risco cardiovascular (colesterol, triglicéridos, tensión arterial) alteracións endócrinas (diabetes e alteracións da prolactina), efectos secundarios da medicación, e educación en hábitos de saúde (tabaquismo, abuso de alcohol e outras drogas).

É ademais un punto de monitorización da enfermidade que hai que ter en conta en pacientes xa seguidos por saúde mental, en caso de detección de problemas co cumprimento do tratamento, mala resposta, detección de

abuso de substancias, risco de auto ou heteroagresividade ou fracaso social non detectado polas Unidades de Saúde Mental (NICE, 2002).

## C

Recoméndase monitorizar con regularidade o índice de masa corporal, glicemia, perfil lipídico, signos de elevación de prolactina e disfunción sexual; monitorización do intervalo QT en pacientes con antipsicóticos que o alteren e de signos de miocardite en pacientes a tratamento con clozapina. Deberanse explorar síntomas extrapiramidais e discinesia tardía (Marder SR e cols, 2004).

### 5.3.2. Unidades de Saúde Mental.

## A

O tratamento en equipos de saúde mental comunitaria está asociada con menos mortes por suicidio ou en circunstancias sospeitosas, menor número de persoas insatisfeitas coa asistencia que reciben e que abandonan. Non se encontrou unha diferenza clara con respecto ao número de ingresos hospitalarios, os resultados clínicos globais e a duración das estadias hospitalarias. (Tyrrer, 2002). Por tanto, recoméndase asistencia ambulatoria nun centro comunitario de saúde mental en pacientes con trastornos mentais graves.

### 5.3.3. Outros dispositivos.

#### 5.3.3.1 Equipos de tratamento asertivo na comunidade (TAC).

## B

Esta asistencia debería estar dispoñible para todos os pacientes con trastornos mentais graves (NICE, 2002).

**B**

A indicación máis clara sería para aqueles pacientes que ingresan con frecuencia, con escasa adherencia ao tratamento ambulatorio, alta frecuencia de recaídas ou presentan fracaso social (vagabundaxe ou aloxamento inadecuado) (NICE, 2002).

Esencialmente diferéncianse dous modelos de tratamento intensivo (Marshall M. e cols, 1998). A xestión de casos e o modelo asertivo comunitario, ambos coexisten na práctica e responden a un fenómeno ocorrido na década dos 70: o peche das institucións manicomiais e a adopción dun modelo de asistencia máis próximo á comunidade. Isto levou consigo un incremento progresivo de pacientes e a perda de contacto coa rede asistencial dos pacientes, co consecuente fracaso social destes e a súa deterioración clínica.

O TAC desenvolveuse en resposta a estas deficiencias de asistencia dos pacientes con trastornos mentais graves na comunidade (1995). De maneira característica, un equipo multidisciplinario que incluíría traballadores sociais, enfermeiras, psicólogos clínicos e psiquiatras, encárgase exclusivamente da atención dun grupo definido de pacientes. Os membros do equipo comparten a responsabilidade dos seus clientes, de maneira que é común que varios membros traballen de maneira conxunta coa mesma persoa. Os equipos de TAC procuran proporcionar toda a atención psiquiátrica e social que os seus clientes requiren en lugar de obter atención doutras axencias. Os equipos de TAC buscan proporcionar atención no domicilio ou nos lugares de traballo. A práctica dun enfoque asertivo comunitario (*assertive outreach*) dos equipos de TAC significa que continúan contactando e ofrecendo servizos a persoas desmotivadas ou que non cooperan. Os equipos de TAC tamén poñen unha énfase particular na adherencia co tratamento (McGrew 1994, McGrew 1995).

De forma paralela desenvolveuse o modelo de xestión de casos (*case management*). Non se debe confundir co anterior. As diferenzas esenciais son que cada membro do equipo ten asignada a completa asistencia a un

grupo de pacientes. Este actúa como titor de cada un dos seus pacientes, actuando de intermediario entre este e os dispositivos da área. Os equipos de xestión de casos non provén de tratamentos directamente, senón que lles facilitan aos pacientes o acceso a estes. Non hai un modelo claramente definido de traballo a diferenza do TAC.

## A

En canto á evidencia de eficacia, o modelo asertivo comunitario é claramente superior ao de xestión de casos. O modelo asertivo (Thompson KS 1990) mellora o contacto cos servizos, reduce as taxas de ingresos e as estadias, mellora o nivel de emprego, vivenda e satisfacción do paciente (fronte a tratamento estándar), non houbo diferenzas en custos con respecto do tratamento estándar (só se se comparan unicamente as cifras de custos hospitalarios que obviamente son menores). (AATRM, 2003).

## A

M. Marshall (Marshall e cols., 1998) analizou 11 ensaios clínicos aleatorizados que se propoñen determinar a eficacia da xestión de casos: compárouse coa atención estándar mediante catro indicadores: 1) casos en contacto cos servizos; 2) duración das estadias hospitalarias; 3) resultado clínico e social e 4) custos. As conclusións sinalaron que a xestión de casos incrementou a vinculación aos servizos, duplicou os ingresos hospitalarios e aumentou as estadias, mellorou o cumprimento terapéutico pero non se asociou á melloría clínica significativa, nin do funcionamento social ou da calidade de vida (AATRM, 2003).

## A

Recoméndase o programa de tratamento asertivo comunitario para aqueles individuos que padecen esquizofrenia, durante a fase estable e cunha severa restrición e funcionamento marxinal e/ou pobre cumprimento terapéutico (APA, 2004).

## A

A asistencia a frecuentadores de servizos debe incluír a xestión de casos (a pesar do seu custo) e programas de tratamento asertivo comunitario, debido a que se trata de persoas cun alto risco de interrupción do tratamento ou de crisis repetidas, e que requiren un abano de servizos clínicos, sociais e de rehabilitación orientados ás súas necesidades (AATRM, 2003).

### 5.3.3.2 Outros dispositivos.

Enuméranse a continuación dispositivos asistenciais para os que non encontramos evidencia científica en canto a eficacia, aínda que a súa necesidade e xustificación é máis que obvia.

- **Equipos de intervención en crises.**
- **Programas de tratamento a domicilio.**
- **Hospitais de día.**
- **Unidades de media estadía.**
- **Alternativas residenciais.**

Unha **minirresidencia** concíbese como un servizo residencial comunitario aberto e flexible, cunha capacidade de entre 15 e 30 prazas. Proporcionan con carácter temporal (estadía curta ou transitoria) ou indefinido: aloxamento, manutención, coidado e axuda, apoio persoal e social, rehabilitación e apoio comunitario e, se é o caso, orientación e apoio ás familias. Ofrece apoio e supervisión durante as 24 horas nun ambiente de convivencia o máis familiar e normalizado posible (Gisbert 2002).

Os **pisos supervisados**, protexidos ou tutelados constitúen un recurso residencial comunitario organizado en pisos normais inseridos no medio social en que conviven persoas con esquizofrenia. Cos pisos supervisados preténdese proporcionar un recurso de aloxamento, convivencia e apoio o

máis normalizado posible que facilite o mantemento na comunidade nas mellores condicións posibles de normalización e calidade de vida.

As **pensións concertadas** supervisadas definen a existencia dun determinado número de prazas en diferentes "pensións de hóspedes" que serven como alternativa para cubrir necesidades de aloxamento e outras necesidades básicas de determinadas persoas con esquizofrenia. Trátase de persoas cun estilo de vida moi independente ás que se lles ofrece a cobertura das súas necesidades básicas e de aloxamento mediante prazas en pensións xunto con supervisión e seguimento por parte dos servizos de saúde mental.

#### 5.3.4. Bibliografía.

- 1 Bellack AS, Mueser KT. (1993) Psychosocial treatment for schizophrenia. *Schizophr Bull*;19(2). 317-36.
- 2 Bustillo JR, Lauriello J, Horan WP, Keith SJ. (2001) Actualización del tratamiento psicosocial de la esquizofrenia. *Am J Psychiatry (Edic España)*; 4(2). 104-16.
- 3 Velligan DI, Bow-Thomas CC, Huntzinger C, Ritch J, Ledbetter N, Prihoda TJ et al. (2000) Randomized controlled trial of the use of compensatory strategies to enhance adaptive functioning in outpatients with schizophrenia. *Am J Psychiatry*; 157(8). 1317-23.
- 4 Crowther R, Marshall M, Bond G, Huxley P. (2002) Vocational rehabilitation for people with severe mental illness. *Cochrane Database Syst Rev*; (2).
- 5 Tyrer P, Coid J, Simmonds S, Joseph P, Marriott S. (2002) Community mental health teams (CMHTs) for people with severe mental illnesses and disordered personality. *Cochrane Database Syst Rev*; (2).
- 6 Marshall M, Lockwood A. (1998) Tratamiento asertivo en la comunidad para las personas con desórdenes mentales severos. En: a

*Cochrane Library plus en español*. Oxford. Update Software, febreiro 1998.

- 7 McGrew JH, Bond GR, Dietzn L, Salyers M. (1994) Measuring the fidelity of implementation of a mental health program model. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*; 62. 670-8.
- 8 McGrew JH, Bond GR. (1995) Critical ingredients of Assertive Community Treatment: judgements of the experts. *Journal of Mental Health Administration*; 22. 113-25.
- 9 Thompson KS, Griffity EEH, Leaf PJ. (1990) A historical review of the Madison Model of community care. *Hospital and Community Psychiatry*; 41. 625-34.
- 10 Gisbert C. (2002) Rehabilitación psicosocial del trastorno mental severo. Situación actual y recomendaciones. Madrid. Asociación Española de Neuropsiquiatría (AEN).
- 11 Stephen R. Marder, M.D e cols (2004) Physical Health Monitoring of Patients With Schizophrenia. *Am J Psychiatry*; 161. 1334-1349.
- 12 Agència d'Avaluació de Tecnologia i Recerca Mèdiques (2003). Guía de práctica clínica para la atención al paciente con esquizofrenia. Barcelona.
- 13 Cardin VA, McGill CW, Falloon IRH (1986). An economic analysis: costs, benefits, and effectiveness, in *Family Management of schizophrenia*. Edited by IRH Falloon. Baltimore, Johns Hopkins University Press, pp 115-123.
- 14 TARRIER N, Lowson K, Barrowclough C (1991). Some aspects of family interventions in schizophrenia, II: financial considerations. *Br J psychiatry*; 159. 481-484.
- 15 National Institute for Clinical Excellence (2002b). *Schizophrenia (Core Interventions in the treatment and management of*

schizophrenia in primary and secondary care). London. Clinical Guideline 1.

- 16** Scottish Intercollegiate Guidelines Network (SIGN) (1998). Psychosocial Interventions in the Management of Schizophrenia. A Nacional Clinical Guideline. Edinburgh (Scotland).
- 17** American Psychiatric Association (2004). Practice Guideline for the Treatment of Patients with Schizophrenia. Second Edition.



Situacions especials

6



O frecuente ao examinar as recomendacións que nos podemos encontrar na diferente documentación examinada é comprobar que o paciente que se ten en mente é un home adulto. Non obstante, na nosa práctica clínica encontrámonos outras moitas tipoloxías de pacientes e situacións que crimos conveniente considerar á hora de escribir esta guía.

### 6.1. Esquizofrenia na nenez e na adolescencia.

Debemos considerar que nas idades ás que nos referimos ten lugar un proceso evolutivo evidente que culmina na idade adulta. Este proceso implicaría unha diferenciación de funcións psíquicas e relacionais en intensa interacción co medio próximo da persoa. Isto tamén afecta o trastorno, de maneira que a súa presentación clínica, curso e prognóstico van depender en gran medida da idade do suxeito, momento evolutivo, variables dese medio xa mencionado e os niveis previos do suxeito nos ámbitos emocional, cognoscitivo e relacional.

#### B

Nos diferentes traballos mencionados encontráronse certas características premórbidas que, non sendo patognómicas, sería importante consideralas. Debemos ser cautos xa que nalgúns casos nalgunha das características mencionadas poden variar os significados dependendo do autor. As máis mencionadas son as relacionadas co control da propia conduta, describíndose a impulsividade e a pulsionalidade, a presenza de auto e/ou heteroagresividade. Tamén coa propia evolución, como son a existencia de trastornos madurativos severos. Respecto da actividade ideativa, a presenza de elementos mitomaniacos, como a busca dun perfeccionismo obsesivo e de tendencia ao uso excesivo da fantasía. En relación cos patróns interpersoais, encontráronse elementos de referencia, desconfianza, suspicacia e receo no social, trazos pasivo-dependentes e simbióticos con persoas do medio familiar próximo, condutas disociais furiosas con trazos oposicionistas claramente belixerantes, conduta inhibida e/ou tendencia ao illamento. En canto ao acomodo social encontráronse pautas de hipe-

radaptación ao medio (coñecido igualmente como *l'enfant sage*) e adulto-morfismo. No afectivo destacarían a ambivalencia afectiva, as dificultades para establecer un nivel funcional de empatía e aplanamento afectivo. Con frecuencia descríbense episodios de aparente desconexión parcial do medio. En moitas ocasións todo isto se resume na presenza de condutas estrañas.

## B

Dentro do mencionado, considérase que certos síntomas ou signos poderían ser máis preditores do posterior debut dun trastorno psicótico ou esquizofrénico. Estes serían os seguintes: a presenza de trazos obsesivos e de medos fóbicos intensos, a existencia de rituais conxuratorios e que o suxeito no ámbito cognoscitivo se manexe no nivel operativo (algúns autores definen este pensamento operativo non no sentido piagetiano: para uns consistiría en pensamento non simbólico e para outros consistiría na presenza de dificultades para a identificación e etiquetaxe de estados emocionais ou alexitimia).

## B

En relación cos factores de risco, diversos estudos lonxitudinais encontraron problemas de axuste característicos dos encontrados nos trastornos de personalidade do grupo A (esquizoide, esquizotípico e paranoide) tal e como os define o DSM-IV. Así mesmo, encontran características pasivo-dependentes e disociais (dificultades no control dos impulsos).

## B

Como elementos prognósticos neste segmento de poboación que con peor axuste premórbido se encontra destaca, entre os anteriores, unha peor evolución no proceso esquizofrénico.

**C**

En relación co diagnóstico e coa avaliación de cada caso recoméndase unha valoración completa que debería incluír entrevistas tanto co paciente como coa familia, así como calquera outro rexistro auxiliar dispoñible. Deste modo débese realizar un exame detallado dos síntomas psicóticos, comprendendo o cadro sintomático, a súa evolución, diagnóstico diferencial (relacionado con polo menos trastornos do desenvolvemento, trastornos afectivos e abuso de substancias), antecedentes familiares en relación coa saúde mental e un exame clínico cos síntomas presentes no momento da exploración.

**C**

De igual maneira neste proceso diagnóstico é necesario descartar a presenza de polo menos intoxicación aguda, delirium, lesións do sistema nervioso central, tumores, infeccións, trastornos metabólicos e comiciais. Polo tanto, é necesario un exame físico completo, solicitando as probas complementarias pertinentes. Por último podería ser necesaria unha valoración do funcionamento renal e/ou hepático dependendo da intervención farmacolóxica que se realice.

**C**

Así mesmo, no proceso diagnóstico sería útil unha valoración psicométrica do nivel de intelixencia xa que é posible que a valoración e/ou interpretación dos síntomas se poidan ver afectadas por certos déficits na execución ou no rendemento das probas. Outro tipo de probas de valoración poderían ser útiles, dependendo do exame clínico realizado.

**C**

Sobre o tratamento destaca especialmente a práctica ausencia de estudos específicos con niveis altos de evidencia, asumíndose en xeral as mesmas conclusións que cos adultos. Neste sentido recoméndase que un tratamento adecuado require a combinación de psicofármacos e intervencións

psicosociais seguindo as mesmas tácticas que nos adultos, dependendo da fase en que se encontre o paciente.

## C

En relación co tratamento psicofarmacolóxico recoméndase ter en conta os seguintes elementos:

- Obtención do consentimento informado do pai ou do adolescente, observando os seguintes puntos:
  - Informar dos síntomas clave.
  - Informar das análises de laboratorio, de inicio e de seguimento dos fármacos que se requiren.
  - Informar dos efectos secundarios sospeitados.
- Probar o tratamento apropiadamente, o que polo xeral require o uso dunha dose suficiente durante 4-6 semanas.
- Monitorización a longo prazo para ir axustando as doses dependendo da fase do trastorno (crise, poscrise e mantemento). A decisión de reducir as doses (que diminúen a probabilidade de efectos secundarios) debe ser sopesada co potencial incremento dunha recaída.

## C

En relación cos neurolépticos de segunda xeración, os nenos e adolescentes poderían ser máis proclives a que aparezan os efectos secundarios extrapiramidais.

## C

Sobre os tratamentos farmacolóxicos en adolescentes, recóllense series de casos e informes de casos con olanzapina, quetiapina e haloperidol (0,02-0,12 mg/kg).

**C**

Non se recomenda o uso de neurolépticos baixo a forma depot dado o risco de efectos secundarios a longo prazo, excepto en adolescentes con síntomas psicóticos crónicos e con historia de mal cumprimento farmacolóxico.

**C**

De modo conxunto recoméndase o uso de técnicas cognitivo-condutuais, tales como a aprendizaxe de habilidades sociais, técnicas en resolución de problemas e habilidades de auto-axuda. As terapias que inclúan así mesmo apoio familiar ou individual, son tamén útiles.

## 6.2. Trastornos relacionados co consumo de substancias.

Na relación co consumo de substancias susceptibles de provocar abuso, diversos estudos informan da presenza de comorbilidade entre os diagnósticos por abuso ou dependencia de substancias e esquizofrenia que oscilan entre o 40% e o 60%.

**C**

Polo tanto, a probable presenza destes consumos fan necesario recomendar que nos obxectivos que hai que considerar dentro do tratamento das persoas con esta patoloxía asociada se deberían incluír explicitamente outros relacionados co uso de substancias. Entre estes habería que considerar a redución do dano, o uso de agonistas, a abstinencia, a prevención de recaídas e a realización de programas de rehabilitación en dispositivos adecuados (por exemplo, comunidade terapéutica).

**A**

Dentro dos programas ensaiados con esta poboación encontrouse que os programas de apoio e aceptación proporcionaron nestes pacientes mello-

res resultados que os programas de confrontación, dirixidos habitualmente á poboación con só patoloxía adictiva.

### 6.3. Esquizofrenia e suicidio.

A prevalencia das condutas autolíticas entre as persoas con diagnóstico de esquizofrenia é moito máis elevada que entre a poboación xeral. Deste modo estímase que entre un 10% e un 13% desta poboación se suicida, e que aproximadamente entre un 18% e un 55% realizan un ou máis intentos de suicidio ao longo da súa vida.

#### A

Dentro dos recursos de intervención encontrouse que cando o tratamento é aplicado por equipos de saúde mental comunitaria, e en comparación coa asistencia tradicional, se encontra unha maior aceptación e adherencia ao tratamento e reducións nos ingresos hospitalarios e no número de mortes por suicidio.

### 6.4. Persoas sen fogar.

#### C

En España encontrouse que a prevalencia posible de esquizofrenia entre as persoas sen fogar oscila entre o 18% e o 26%. Isto dificulta tremendamente non só o seguimento do tratamento tras a alta, senón calquera proxecto terapéutico e rehabilitador que se pretenda. A perda de recursos por parte da persoa é un elemento prognóstico negativo.

#### B

Encontráronse os seguintes factores de risco en relación coa probabilidade de quedar sen fogar tras a alta hospitalaria: comorbilidade co uso de substancias, a persistencia de síntomas psiquiátricos no momento da alta (BPRS>40) e unha valoración da función global reducida (GAS<43). Deste

modo, en pacientes nos cales durante a súa estadía hospitalaria se encontrase algún dos seguintes elementos deberían ser obxecto de especial atención no seguimento co obxectivo de evitar a perda ou a deterioración de recursos.

### 6.5. Pacientes embarazadas.

Encontrámonos que ante esta situación non abundan datos fiables e sólidos sobre o diagnóstico e o tratamento das pacientes embarazadas afectas de esquizofrenia.



Diversos autores recomendan en todo caso considerar por un lado o risco de medicación para o feto e para o neonato a causa da lactación, e polo outro apoiar a nai para un adecuado coidado posnatal.



Así mesmo, non hai apenas información sobre o efecto que os neurolépticos de segunda xeración poden ter nesta situación.



Non obstante, diversos informes de casos non encontran un incremento no risco de dano cando o tratamento psicofarmacolóxico consiste en olanzapina.



Hai indicios de que as mulleres con esquizofrenia que seguen un tratamento psicofarmacolóxico con neuroléptico con frecuencia presentan obesidade e unha deficiente inxesta de ácido fólico, co que se incrementa o risco de defectos no tubo neural nos seus fillos. Polo tanto, recomendaríase a prevención mediante as medidas dietéticas pertinentes deste risco.

**C**

Diversos autores encontran que nas mulleres embarazadas con esquizofrenia existe unha probabilidade máis alta de complicacións obstétricas e nos neonatos unha maior presenza de complicacións peri e posnatais, como son o baixo peso ou a prematuridade. Igualmente encóntranse nas mulleres outros elementos como son a obesidade (xa mencionada), un baixo status social e o consumo de tabaco que por separado poden empeorar o cadro. Polo tanto, cando estes elementos se dan é aínda máis importante, se cabe, favorecer o contacto e posterior relación o máis pronto posible co obstetra co fin de detectar e corrixir certos factores de risco e intervir o antes posible nas posibles complicacións.

## 6.6. Persoas con atraso mental.

Respecto ao traballo terapéutico con pacientes cun diagnóstico de atraso mental non se encontraron datos ou nivel de evidencia ou recomendación establecido na presente guía sobre o diagnóstico e tratamento.

**C**

Non obstante en diversos estudos se encontrou un risco incrementado de síntomas extrapiramidais e discinesia tardía en pacientes co dobre diagnóstico de esquizofrenia e atraso mental. Polo tanto recoméndase o uso de neurolépticos de segunda xeración.

## 6.7. Pacientes anciáns.

Respecto a datos consistentes sobre o diagnóstico e tratamento de persoas anciáns con esquizofrenia, estes ,en xeral, non son claramente sólidos.

**C**

En diversos traballos con series de casos e informes encóntrase un risco incrementado na presenza de síntomas secundarios, tales como extrapira-

midalismos ou discinesia tardía. Encontrouse que as persoas anciás teñen un risco ata seis veces incrementado de presentar tales cadros usando neurolépticos de primeira xeración en comparación con outros adultos.

**C**

En relación cos neurolépticos de segunda xeración encóntanse que os efectos máis notables son a sedación e a hipotensión ortostática. Igualmente aqueles pacientes que sofren insuficiencia cardíaca son especialmente sensibles aos efectos hipotensores e á presenza de arritmias cardíacas.

**C**

Así mesmo, o profesional debe considerar a presenza de efectos anticolinérxicos: síntomas como estrinximento, confusión ou retención de líquidos son frecuentes. Estes síntomas, aos cales se pode sumar a ganancia de peso que acompaña a algúns neurolépticos, poden agravar trastornos pre-existentes.

**B**

Un dos riscos que aparece máis incrementado é o de sufrir caídas. Polo tanto deben ser obxecto de especial atención.

**C**

Diversos autores recomendan unha dosificación dos neurolépticos unha dose menor que a dun adulto para comezar o tratamento, e ir variando baseándose na resposta á medicación.

**C**

De igual maneira as pautas de administración deben ter en conta as dificultades sensoriais co fin de diminuír a posibilidade de cometer erros na toma de medicación.

## 6.8. Bibliografía.

- 1 Bellack AS, Mueser KT. (1993) Psychosocial treatment for schizophrenia. *Schizophr Bull*;19(2). 317-36.
- 2 Bustillo JR, Lauriello J, Horan WP, Keith SJ. (2001) Actualización del tratamiento psicosocial de la esquizofrenia. *Am J Psychiatry (Edic España)*; 4(2). 104-16.
- 3 Velligan DI, Bow-Thomas CC, Huntzinger C, Ritch J, Ledbetter N, Pihoda TJ et al. (2000) Randomized controlled trial of the use of compensatory strategies to enhance adaptive functioning in outpatients with schizophrenia. *Am J Psychiatry*; 157(8). 1317-23.
- 4 Crowther R, Marshall M, Bond G, Huxley P. (2002) Vocational rehabilitation for people with severe mental illness. *Cochrane Database Syst Rev*; (2).
- 5 Tyrer P, Coid J, Simmonds S, Joseph P, Marriott S. (2002) Community mental health teams (CMHTs) for people with severe mental illnesses and disordered personality. *Cochrane Database Syst Rev*; (2).
- 6 Marshall M, Lockwood A. (1998) Tratamiento asertivo en la comunidad para las personas con desórdenes mentales severos. En: *a Cochrane Library plus en español*. Oxford. Update Software, febrero 1998.
- 7 McGrew JH, Bond GR, Dietzn L, Salyers M. (1994) Measuring the fidelity of implementation of a mental health program model. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*; 62. 670-8.
- 8 McGrew JH, Bond GR. (1995) Critical ingredients of Assertive Community Treatment: judgements of the experts. *Journal of Mental Health Administration*; 22. 113-25.
- 9 Thompson KS, Griffity EEH, Leaf PJ. (1990) A historical review of the Madison Model of community care. *Hospital and Community Psychiatry*; 41. 625-34.

- 10 Gisbert C. (2002) Rehabilitación psicosocial del trastorno mental severo. Situación actual y recomendaciones. Madrid. Asociación Española de Neuropsiquiatría (AEN).
- 11 Stephen R. Marder, M.D e cols (2004) Physical Health Monitoring of Patients With Schizophrenia. *Am J Psychiatry*; 161. 1334–1349.
- 12 Agència d'Avaluació de Tecnologia i Recerca Mèdiques (2003). Guía de práctica clínica para la atención al paciente con esquizofrenia. Barcelona.
- 13 Cardin VA, McGill CW, Falloon IRH (1986). An economic analysis: costs, benefits, and effectiveness, in *Family Management of schizophrenia*. Edited by IRH Falloon. Baltimore, Johns Hopkins University Press, pp 115–123 .
- 14 Tarrrier N, Lowson K, Barrowclough C (1991). Some aspects of family interventions in schizophrenia, II: financial considerations. *Br J psychiatry*; 159. 481–484.
- 15 Nacional Institute for Clinical Excellence (2002b). *Schizophrenia (Core Interventions in the treatment and management of schizophrenia in primary and secondary care)*. London. Clinical Guideline 1.
- 16 Scottish Intercollegiate Guidelines Network (SIGN) (1998). *Psychosocial Interventions in the Management of Schizophrenia*. A Nacional Clinical Guideline. Edinburgh (Scotland).
- 17 American Psychiatric Association (2004). *Practice Guideline for the Treatment of Patients with Schizophrenia*. Second Edition.



# Actualización da guía sobre esquizofrenia

Revisión da evidencia 2005-2007

7



## 1. Introducción.

O grupo de traballo desta guía elaborou unha revisión das últimas novidades no tratamento da esquizofrenia que apareceron desde a súa finalización en 2005. A intención desta busca é incorporar traballos que se editaron neste tempo e que cremos que deben estar xa nesta primeira publicación.

## 2. Metodoloxía.

Realizouse unha busca en Medline co seguinte filtro:

```
Schizophrenia"[Mesh] OR "Schizophrenia, Disorganized"[Mesh] OR "Schizophrenia, Paranoid"[Mesh] OR "Schizophrenia, Catatonic"[Mesh] AND ("last 2 years"[PDat] AND (jsubsetaim[text]) AND (Clinical Trial[ptyp] OR Meta-Analysis[ptyp] OR Practice Guideline[ptyp] OR Randomized Controlled Trial[ptyp] OR Clinical Trial, Phase I[ptyp] OR Clinical Trial, Phase II[ptyp] OR Clinical Trial, Phase III[ptyp] OR Clinical Trial, Phase IV[ptyp] OR Controlled Clinical Trial[ptyp] OR Guideline[ptyp])) AND (adult[MeSH]) )
```

A busca abrangueu artigos que estivesen rexistrados en Medline desde 2005 ata setembro do 2007.

Encontráronse un total de 23 traballos. Destes só se aceptaron a revisión ensaios controlados e aleatorizados, cegos polo menos en avaliación, con mostras superiores a 40 individuos, revisións sistemáticas, guías clínicas e metaanálise; foron seleccionados para a súa análise e resumo un total de 12 publicacións científicas, ás que se engadiron posteriormente tres máis<sup>1</sup>.

Os niveis de evidencia e os graos de recomendación clínica fixéronse seguindo os criterios do North of England evidence based guidelines development project, o mesmo que o resto da guía.

<sup>1</sup> Marcadas cun asterisco na bibliografía

### 3. Evidencia dispoñible.

#### a) Antipsicóticos de primeira xeración fronte a antipsicóticos de segunda xeración.

Jones PB, 2006: en pacientes a tratamento con antipsicóticos de primeira xeración (APX) aos cales se decide cambiarlles o tratamento por ineficacia ou intolerancia, por APX ou antipsicóticos de segunda xeración (ASX), o tipo de cambio non supuxo diferenzas na calidade de vida, variación media da PANSS, custos asistenciais (gasto farmacéutico, ingresos, consumo de recursos ambulatorios), sendo a maior parte do custo atribuíble a custos por ingresos psiquiátricos (APX 93,2%, ASX 81,5%), satisfacción dos pacientes, taxas de abandono ou efectos secundarios. Compáranse dous grupos de fármacos que non son de seu homoxéneos: detectáronse diferenzas en eficacia entre os ASX e en taxas de efectos secundarios entre os APX. Neste estudo, no grupo de APX está sobrerrepresentado o sulpiride e nos ASX a olanzapina (nivel de evidencia IIb).

